

INTERCAMBIO DO IES DE ORTIGUEIRA CO VI LICEO OGÓLNOKSZTALCACE DE LODZ

Na localidade polaca de Lodz os alumnos orteganos tiveron a oportunidade de poñer en práctica os seus coñecementos de lingua inglesa cos seus compañeiros polacos. Alí conviviron con eles e coas súas familias durante unha semana na que desenvolveron unha gran cantidade de actividades: asistiron no Liceo a clases de inglés e de teatro; visitaron diferentes museos locais: Museo da Cinematografía, Museo Marítimo, Museo Téxtil, Muíño do Cura; fixeron unha ruta de sendeirismo polo Parque Natural Łagiewniki .

Os alumnos do instituto ortegano aproveitaron a estancia en Polonia para visitar a cidade de Varsovia e disfrutaron da beleza do seu casco antigo e dos seus parques.

O intercambio completárase coa viaxe que os estudantes polacos farán a Ortigueira na primavera do próximo ano 2010.



Visita dos xardíns “Os baños” en Varsovia



Museo Marítimo de Lodz